

ESTREA EN NUMAX: 02.06.2017 | V.O.S.G. | TODOS OS PÚBLICOS

*Correspondências* (2016, 145')

**Dirección:** Rita Azevedo Gomes

**Guión:** Rita Azevedo Gomes a partir da correspondencia de Sophia de Mello e Jorge de Sena

**Participación:** Rita Durão, Luís Miguel Cintra, Mário Barroso, Tânia Dinis, Anna Leppänen, Pierre Léon, Francisco Nascimento, Luna Picoli-Truffaut, Hugo Tourita, Eva Truffaut

**Son:** Olivier Blanc, François Guillaume, Branko Neskov

**Montaxe:** Rita Azevedo Gomes, Patricia Saramago

**Música:** Alexander Zekke

**Fotografía:** Acácio de Almeida, Jorge Quintela

**Produtora:** C.R.I.M. Productions (Portugal)

**Distribuidora:** NUMAX Distribución

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.77:1

**Idiomas orixinais:** Portugués, italiano, inglés, grego, francés, español

## FILMOGRAFÍA

*A vinganza dunha muller*, 2012

*A Coleção Invisível*, 2009

*A Conquista de Faro*, 2005

*A 15ª Pedra: Manoel de Oliveira e João Bénard da Costa*, 2004

*Altar*, 2003

*Frágil Como o Mundo*, 2002

*Rei Artur*, 1999

*Parabéns Manoel de Oliveira: Intromissões*, 1998

*O Cinema Vai ao Teatro*, 1996

*O Som da Terra a Tremer*, 1990

## PREMIOS E FESTIVAIS

Premio da Fundação José Saramago e Livraria Lello ao mellor documental (DocLisboa, New Visions).

Seleccionado en Locarno 2016, SEFF - Festival de Cine Europeo de Sevilla 2016, Vienne - Vienna International Film Festival 2016, Cineticle Art Cinem 2016, Mostra Internacional de Cinema de São Paulo 2016, CineBH - International Film Festival Belo Horizonte 2016, Muestra de Cine Europeo de Lanzarote 2016, ZINEBI - The International Festival of Documentary and Shortfilm of Bilbao 2016, Festival de Cine de Zaragoza 2016, Caminhos do Cinema Português 2016, D'A Film Festival Barcelona 2017, BAFICI 2017

## SINOPSE

Sophia de Mello Breyner Andresen e Jorge de Sena son dous dos escritores portugueses máis importantes do século xx. O exilio de Jorge, perseguido polo salazarismo, iníciase en Brasil en 1959 e continúa nos Estados Unidos, onde falece en 1978. Nunca regresou a Portugal. Estas cartas, postas en escena de maneira exemplar por Rita Azevedo Gomes, unen na distancia a Jorge e Sophia, alimentando unha complicidade afectiva e intelectual que manterán até a fin das súas vidas. A súa correspondencia e os seus poemas atravesan corpos, idiomas, países e imaxes nun filme-ensaio onde historia, política, pasado e futuro se mesturan con liberdade e absoluta mestría cinematográfica.

«Abrumadoramente bela e fascinante. Unha elexía cargada de significado»

Diego Bartlle, OTROS CINES



Presentación  
e coloquio coa  
directora: venres  
2 de xuño, 19:30h

## Na constelación de Rita

Por Alfonso Crespo

Xa nos tiña deixado Rita Azevedo Gomes, en 2007, un filme-diálogo inesgotábel, o que protagonizaron Manoel de Oliveira e João Bénard da Costa n'A 15ª pedra, e estas *Correspondencias* non fan senón reincidir na idea de intercambio, mais dando un chimpito mortal, ensaiando unha tradución formal ás implicacións individuais e colectivas do concepto. Así, o que no seu día se transmitiron Jorge de Sena e Sophia de Mello, cae no tempo mais, digamos, sen reducirse a el: as voces pretéritas dos poetas habitan hoxe a outras persoas que paladean o infinito dun legado que proxectan cara a diante.

É a pegada desta correspondencia o acontecemento que Rita transforma en constelación, reunindo os corpos e as voces dos seus cómplices, dos seus seres queridos (Cintra, Durão, Léon, Truffaut, Cozarinsky...), e regresando ao ideario moderno segundo o cal, esquecendo o todo pechado ao que debe responder o vínculo gramatical entre planos e escenas, o cinema pode pensarse en redución a un continuum apoiado na conxunción e: un, e dous e tres... Máxica coordinación de elementos heteroxéneos que Rita ensina pegados na parede, nunha imaxe poderosa da fragilidade. O plano, aquí, é outra cousa, ás veces o tremor dun afecto, un testemuño, unha perspectiva; outras unha ensoñación, unha rememoración, un tapiz que simultanea tempos na tradición de Nicholas Ray, con cuxo *We Can't Go Home*

*Again* (1973) se produce quizais a máis misteriosa das correspondencias.

Escribir dun filme coma este, que nos vai acompañar toda a vida, resulta complicado e se cadra sexa inane. Serve se acaso para engrandecer máis a unha muller que compón libros coma filmes e fai cinema coa pregnancia da palabra escrita.

Publicado en [www.diariodesevilla.es/](http://www.diariodesevilla.es/)

\*\*\*

## “Sempre tiven claro que facer un documental didáctico e explicativo non ía comigo”

Entrevista con Rita Azevedo Gomes  
Por Andrea Morán Ferrés

### Ao ler as cartas xurdiu de inmediato o desexo de convertelas en filme?

Cando lin a correspondencia vin algo máis aló dese diálogo entre Sophia de Mello e Jorge de Sena. Agromaron as miñas propias lembranzas daquela época. Eu era unha nena, tería 10 ou 13 anos. Quedoume moi presente a lembranza dese tempo no que un non podía expresar libremente o que pensaba. Mais lendo o libro non tiña moita idea de como facer un filme. A escrita epistolar é un diálogo no que hai unha temporalidade, mentres que na literatura todo é máis libre. Non

planifiquéi se ía ser unha longa ou unha curta, aínda que si tiven sempre claro que facer un documental didáctico, correcto ou explicativo non ía comigo.

**De que maneira encarou daquela esa exploración cinematográfica da poesía? Como se filma un poema?** Por exemplo, se tes a frase «estou no mar», para min non ten ningún interese filmar unha praia porque xa está dito. Non me fai falla engadir unha imaxe porque mar, a palabra, xa o expresa de abondo. Hai que ter coidado de non ilustrar o que xa se di. Neste filme axudeime de diferentes materiais: os distintos formatos e cámaras, ao igual que os diferentes idiomas. Con toda esta amalgama, penso que quizais se xera unha nova correspondencia entre o filme e a maneira de facer cinema hoxe en día.

### Ademais da carga poética, no filme tamén hai unha vertente na que resoan con forza as ideas de exilio e patria...

Tanto Sophia como Jorge escribiron nun contexto difícil que foi a época fascista. As súas cartas teñen moitas referencias a feitos políticos que ocorreron nese período de vinte anos, así que existía a opción de facer un filme cargado dunha posición política ou aproveitar outras cousas que contiñan eses textos, as partes que falan de cuestións que teñen a ver co ser humano, a poesía, os pensamentos, a liberdade de expresión. Interésame esta parte máis humana, mais obviamente a crítica segue aí.

Publicado en Caimán. Cuadernos de Cine  
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

*Correspondencia 1959-1978,*  
Sophia de Mello Breyner Andresen  
& Jorge de Sena. Guerra & Paz, 2010

*O nome das coisas,* Sophia de Mello Breyner  
Andresen. Assírio & Alvim, 2015

*Serena ciencia,* Jorge de Sena. Pre-textos, 2012  
*En la desnudez de la luz,* Sophia de Mello Breyner  
Andresen. Universidad de Salamanca, 2014

*Geografía,* Sophia de Mello Breyner Andresen.  
Assírio & Alvim, 2014

*No tempo dividido,* Sophia de Mello Breyner  
Andresen. Assírio & Alvim, 2013

*Dual,* Sophia de Mello Breyner Andresen.  
Assírio & Alvim, 2014

*Obra poética,* Sophia de Mello Breyner  
Andresen. Assírio & Alvim, 2015

